



Sala Amalia Domínguez Búa

Rúa Eduardo Vincenti, 2

36930 Bueu - Pontevedra

DATOS TÉCNICOS

Nome da sala: Sala Municipal de exposicións "Amalia Domínguez Búa"

Enderezo: Rúa Eduardo Vincenti, 2 36930 Bueu - Pontevedra

Metros lineais que ten a sala: 31 metros lineais

Superficie: 84,80 m² de superficie con ventás que se poden tapar con paneis

Conta con boa iluminación?: Si

Sistema de extinción de incendios: Non

Vixilancia: Non

Sistema de pendurado de obras: Cadeas sobre taboleiro de 1,20 m. de ancho
disposto ó longo de todas as paredes da sala

Persoal para montaxe: Non

NORMAS DE USO

1- Petición. As exposicións solicitaranse mediante a presentación do Anexo 1 no Rexistro Xeral do Concello. Nese mesmo momento ou posteriormente entregarase tamén a seguinte documentación (preferiblemente en formato dixital).

- Breve currículo.
- Unha fotografía, como mínimo, da obra que se quere expoñer.

2- Duración e horarios. As exposicións terán unha duración máxima de 15 días, a excepción do verán, que serán dunha semana. Así mesmo o tempo mínimo de duración será dunha semana. Estas datas serán decididas segundo a calidade e criterio da sala.

O horario de apertura da sala de exposicións será como mínimo de 2 horas diárias, sendo responsabilidade do mesmo interesado ou interesada.

Unha vez aceptadas as datas por ambas partes, en ningún caso o/a solicitante poderá rematar a exposición antes da data establecida.

3- Admisión de solicitudes. Para cantas exposicións puideran solicitarse terán preferencia aquellas que proveñan de entidades ou asociacións sen ánimo de lucro.

No caso de ser varias as solicitudes para unhas datas concretas, a orde de preferencia será por data de entrada no rexistro.

A Concellería de Cultura confirmará por escrito (correo postal ou electrónico) ou telefonicamente a admisión e concesión de datas para a exposición. O expositor que reciba asignación de datas, en resposta a súa solicitud, deberá dar conformidade nun prazo de 7 días. De non facelo entenderase que renuncia a data sinalada e quedara excluído da relación de expositores do ano correspondente a súa petición. Tamén quedará excluído no caso de rexeitar ata 3 veces as datas ofrecidas pola Concellería de Cultura.

4- Uso compartido. Aquelas persoas que utilicen a sala de exposicións desde Semana Santa ata setembro terán que compartila coa Oficina municipal de información turística. Este período de uso compartido poderá ser ampliado ou reducido segundo o interese do Concello.

5- Transporte e seguro. Todos os gastos de envío e devolución correrán a cargo do expositor quen pola súa conta poderá asegurar as obras se así o desexa.

6- Responsabilidade. O Concello de Bueu, non se responsabiliza dos deterioros que poidan producirse en accidentes, roubos, incendio, atentado, etc, que poida determinar a destrución total ou parcial das obras.

O expositor ou titular da cesión eximirá totalmente a o Concello de Bueu de calquera responsabilidade polas circunstancias e vicisitudes que incidisen no desenvolvemento da actividade a realizar, renunciando expresamente ó exercicio das accións que puideran caberlle fronte a dita Concellería, inclusive, si se dera o caso, ó resarcimento por danos e prexuízos.

7- Montaxe. A sala de exposicións non contará con persoal especializado para a montaxe e desmontaxe da exposición. Non se autoriza a utilización de materiais que poidan danar as paredes da mesma. O material da sala está a disposición do artista, quen debe preocuparse de deixalo no seu lugar correspondente unha vez utilizado.

8- Publicidade. A Concellería de Cultura anunciará a exposición na prensa, editará 10 carteis ó seu cargo, ou deixará vía libre o expositor para que el mesmo o faga pola súa conta e ó seu cargo (seguindo o modelo da concellería de Cultura).

9- Gastos da sala de exposicións. A cesión da sala é gratuita, non percibindo cantidade algunha do expositor. Este mesmo, previa autorización poderá adoptar o seu cargo as medidas de seguridade que estime oportunas. Calquera incidencia que puidera xurdir en este aspecto, será assumida totalmente polo expositor, sen que a Concellería de Cultura teña que abonar ningún tipo de indemnización por danos e prexuízos.

10- Anulación e suspensión de autorizacións. A Concellería de Cultura poderá en calquera momento, e sempre por razóns de urxencias, inaprazable necesidade ou necesidades do servizo, anular ou suspender a adxudicación efectuada, sen que supoña o abono de calquera tipo de indemnización ós usuarios da instalación. No caso de que o solicitante renuncie ó uso dos espazos autorizados , deberá comunicarollo con antelación mínima de 20 días ó inicio da actividade.

11- Coñecemento, aceptación e sinatura do solicitante. Entendese que unha vez entregada a solicitude por rexistro o solicitante ten coñecemento e acepta os termos especificados nas presentes normas de uso.



CONCELLO DE BUEU

Concellería de Cultura

Rúa Eduardo Vincenzi, 2 1º 36930 Bueu (Pontevedra)
 cultura@concellodebueu.org Tño. 986 324 338 Fax. 986 324 339
 CIF: P3600400 J. Rex E.111

SALA MUNICIPAL DE EXPOSICIONES AMALIA DOMÍNGUEZ BÚA

Folla de solicitude para expoñer

ANEXO 1

Solicitante DNI.....

endereço

CP concello provincia.....

teléfono/s

correo electrónico

tipo de obra

Observacións

--

O solicitante declara coñecer todas e cada unha das condicións esixidas para expoñer que figuran no adxunto regulamento e se compromete a aceptalas na súa totalidade no caso de ser admitida a presente solicitude.

En....., a dede.....

Asdo.:.....

(consignar nome e tlf. no caso de asinar un/ha representante)

ALCALDE DO CONCELLO DE BUEU
 Concellería de Cultura

Concello de Bueu – Servizo de Cultura

Rúa Eduardo Vincenzi, 2 1º 36930 Bueu (Pontevedra) · CIF E3600400J Rex. E. 111 · cultura@concellodebueu.org · Telf. 986 324 338

Descarga do formulario no enlace:

http://www.concellodebueu.org/descargas.php?filMenu=MENU5_7&filDpto=3&idioma=ga

As liñas vermellas indican a situación dos paneis de exposición, e o número indica a súa lonxitude.
O alto dos paneis é sempre de 122 cm.

